


Documento distribuído por
 culturagalega.org

ROSALÍA DE CASTRO: A INAUGURADORA DA MODERNIDADE GALEGA

María Pilar García Negro



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / xenero@consellodacultura.org

ROSALÍA DE CASTRO: A INAUGURADORA DA MODERNIDADE GALEGA

María Pilar García Negro

ROSALÍA DE CASTRO (1837-1885) é a síntese perfecta, na súa traxectoria vital, na súa ideoloxía e en toda a súa produción literaria, das aspiracións da súa nación, a Galiza, por se facer ver e ouvir na historia, no conxunto dos povos hispánicos e nunha España que seguía a ter en conta este seu país natal só para desprezalo ou para explotalo. Ao tempo, e de forma indisociábel, ela representa a eclosión dun feminismo radical, profundamente solidario coa maioría social traballadora, vocacionado para **revelar** as mulleres e os seus mundos e para se **rebelar** contra os patróns sexistas impostos.

É, sen dúbida, a figura máis significativa e, ao tempo, máis universal da literatura galega, a que con maior acerto estético e maior profundidade soubo dar conta na súa obra da problemática íntima e psíquica do seu eu, de tantos *eu* de que foi portavoz e do eu colectivo do seu povo. Face a unha economía, unha política e unha socioloxía abertamente desgaleguizadoras, a escritora ergue a súa voz a través do uso público da lingua galega na literatura, o espazo posíbel, e esta literatura inaugural suporá o *big bang* da restauración da conciencia sobre a Galiza e da ansia por lle facer xogar un outro papel na España, na Europa e no mundo. A súa escrita é revolucionaria, non só a respecto dos valores apuntados, senón por detectar profeticamente as eivas, contradicións e hipocrisías que a burguesía, como clase social emerxente no século XIX, tentaba impor como modelo único de civilización, educación, economía e cultura, modelo abocado á cousificación das persoas (nomeadamente, das mulleres), á explotación capitalista e, en suma, á infelicidade individual. Tal carga subversiva, transgresora, profundamente filogalega, non pasou

inadvertida para os benpensantes, as autoridades político-ecclesiásticas e todas as súas pantallas e mediacións. Disto deriva a cruz de silencio, primeiro, e desfiguración, despois, con que foi tratada. Desfiguración que chega a ofrecer e canonizar unha imaxe dela non só diverxente da súa significación real senón, mesmo, a súa antítese, na creación dunha sorte de *meta-Rosalía* que cómpre desmascarar para viaxarmos á xénese, intención e función social da súa obra literaria e pública.

Malia ser tentativa imposible, imos tentar resumir as liñas principais da súa vida e obra:

1. Nos seus 48 anos de vida mortal, a autora publica catro volumes de poesía, cinco novelas, un conto, varios ensaios e manifestos fundamentais (dous deles, os prólogos a *Cantares gallegos* e *Follas novas*, inauguran o xénero na literatura galega), artigos de prensa... É, pois, escritora multixenérica, téndomos en conta, aliás, que o verso acolle en moitas ocasións poesía dialóxica, diálogos teatralizados, relatos e, desde logo, pensamento filosófico e crítica moral. Á súa morte, pérdense varias obras inéditas que ela, ao parecer, ordena queimar. Estamos, por tanto, perante unha **escritora profesional**, non porque pudesese vivir deste oficio (cousa á que aspiraba), senón por vocación, práctica continuada e vontade manifesta de intervención social desde a literatura. Escritora de raíz e resultado intelectual e reflexivo, moi lonxe da imaxe de espontaneísmo e sentimentalismo fácil que dela se propagou. Ao servizo deste oficio dispuxo os seguintes ingredientes: unha intelixencia invulgar; unha acusada sensibilidade psicosocial; unha formación cultural de enorme variedade e densidade; un sentido patriótico agudo; unha viva e persistente obsesión pola condición e a sorte das mulleres. No prólogo da súa primeira novela, *La hija del mar* (1859), proclama claramente o *leit-motiv* da súa escrita: “Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben”. Sentimento e sabedoría, educación e instrución: ruptura do dualismo sexista, que só consentía a educación feminina para mellor realizar as súas funcións *naturais* de esposa, nai ou filla obediente.

2. A nosa escritora nace, o 24 de Febreiro de 1837, en Santiago de Compostela, filla de D^a Teresa de Castro, de ilustre familia fidalga, mais carente de bens, e de D. Xosé Martínez Vioxo, crego, presbítero da Colexiata de Iria. A súa primeira socialización pon a en contacto coa aldea e a cultura tradicional galega, en terras paternas, de Ortoño, na comarca da Mahía, que con tanta beleza cantaría nos seus versos. Vive de nena coa súa nai, en Padrón, e, xa na puberdade, en Compostela, onde recibe unha educación moi superior á que se permitía a mozas do seu tempo e participa do activo clima progresista de mozos como Aurelio Aguirre ou Eduardo Pondal. Sabe música, debuxo, le en francés, é actriz de grande suceso en varias funcións teatrais... É mesmo posíbel que acudise ao célebre Banquete de Conxo (2 de Marzo de 1856) en que confraternizaron estudantes e obreiros, o que empuxaría a súa viaxe a Madrid na primavera deste ano, á vista do escándalo provocado nas autoridades civís e relixiosas (vindícase, por exemplo, o Xesuscristo carpinteiro). Na capital de España, publica a súa primeira obra poética, *La Flor* (1857), comentada por Manuel Murguía, que será co tempo o grande historiador e polígrafo do XIX galego, e con quen a nosa autora casará no ano 1858, ano en que publica “**Lieders**”, libérrimo manifesto feminista. No 1859, en que nace a súa primeira filla, Alejandra (unidas sempre por unha relación de sororidade íntima), publica *La hija del mar*, obra impregnada na superficie de tópicos caros ao romantismo mais que afínca xa a súa preocupación pola sorte das mulleres e dos orfos sociais, nun exercicio de solidariedade de clase e de xénero e mais nunha defensa clara da maternidade e da familia monoparental. “**Eva**”, poema publicado en 1861, reubica a pecadora bíblica homónima, para convertela na redentora necesaria da metade da humanidade, as mulleres. Sete anos antes, o Papa Pío IX oficializara o dogma da Inmaculada Concepción da Virxe María e da súa ascensión ao ceo (a xerarquía católica “sobe” unha muller ao ceo; Rosalía “baixa” unha muller á terra...). *Flavio*, a segunda novela da autora, sorprende pola contundente desmitificación dos *topica* epigonais do amor cortés, redivivos no romantismo, así como exemplifica a dificultade da escritora incipiente

por deixar de o ser clandestinamente e poder exercer a súa autonomía psíquica, intelectual e afectiva como muller.

3. 1863 sinala un ano transcendental na traxectoria da autora e mais na da historia da Galiza. Para alén da publicación (en edición limitada ás amizades) do poemario *A mi madre*, após a morte desta, este ano aluma o nacemento dun libro fundamental, ***Cantares gallegos***, o primeiro monumento da literatura galega renacente e a conversión da potencia en acto, isto é, a creación dunha épica galega, residenciada nas clases populares, na lingua do povo e ao servizo da súa humanización e dignificación. Supón un potente alegato patriótico-democrático, nun afán de exhibición da cultura nacional e mais de resposta ao estereotipo negativizado da Galiza e dos galegos e galegas. É, malia a superficial e pintoresquista lectura folklorizante que dela se fixo, unha obra profundamente política, ao servizo dunha restauración (a da lingua) e dunha emerxencia (a da propia Galiza) necesarias. Denuncia da misoxinia en bruto, cunha impecábel técnica de distanciamento narrativo, vai conter o **“Conto gallego”** (1864, mais só divulgado postumamente, en Buenos Aires, 1923). Abre ese ano 1863 o período que podemos considerar década prodixiosa na produción da autora, pois, aínda que a súa obra capital (***Follas novas***) non vai ver a luz até 1880, o certo é que levaba escrita, na súa maior parte, dez anos antes e só razóns censoriais e represivas adiaron tanto tempo a súa publicación (facilitada, sintomaticamente, pola emigración patriótica cubana). Esta década coñece a publicación dun ensaio fundamental, **“Las literatas”** (1865), en que, a través da simulación da carta dunha escritora experimentada a unha novel, a autora tematiza, de forma explícita e irónica, a relación muller-literatura, como metonimia, esta, do dereito de actividade pública, de intervención social. Ten tanto de autorretrato como de sociobiografía das mulleres que aspiraban a romper as ataxes do sexismo tradicionalista, ensaio adubado, por certo, con hilarantes caricaturas da auto-asumida superioridade masculina.

En conexión directa con este ensaio-manifesto van estar as dúas seguintes novelas da autora: ***Ruinas*** (1866), exacta denuncia da marxinalización imposta polo modelo capitalista-burgués e canto á independencia feminina na figura dunha simpática vella solteira, e mais ***El Caballero de las Botas Azules*** (1867), a mellor e máis complexa novela da escritora, subtitulada por ela mesma “Cuento extraño” e moi adiantada a respecto do *boom* da novela realista española das dúas décadas seguintes. Significativamente publicada no ano anterior á Revolución de 1868, supón unha crítica radical dos usos e costumes da aristocracia-burguesía da España contemporánea, con centro e brillo en Madrid, cuxos axentes sociais máis relevantes (xornalistas vendidos, editores corruptos, aristócratas narcisistas e parásitas, burguesas alienadas...) son retratados tan irónica como inmisericordemente. Precedida dun diálogo teatral entre o Home e a Musa (a Novidade, unha Musa andróxina, por certo), en que esta arremete contra a má literatura, semente de alienación e alimentadora do ego burgués do artista, a catarse final vai pousar na acción do propio povo que asalta o palacio do aristócrata e faise co maravilloso libro da sabedoría, o talismán necesario para a súa liberación. Entreverada de elementos surreal-fantásticos, no mellor ronsel dun Hoffmann ou dun Poe, fica destruída tanto a ortodoxia como a *ortopraxe* dunha sociedade dogmática, frívola e profundamente clasista, ao tempo que, para os lectores galegos, se ofrecía un novo sociorretrato, desmitificado, do Madrid capitalino, meca de todos os aspirantes a medro biográfico e político.

Entre 1868 e 1877 vai ter a escritora seis fillos máis, con moi pouca fortuna vital, en canto aumentan até límites de auténtica pobreza as dificultades económicas da familia, que nunca posuía casa de seu e alternou domicilios en Compostela, Madrid, Simancas, Lestrove, Lugo, A Coruña, Padrón..., nunha parella tan sobrada de intelixencia e sensibilidade como falta de recursos económicos, paradoxo adoito repetido en artistas xeniais.

Follas novas (1880) é a obra culmen da autora e, aínda, de toda a literatura galega. Todas as Rosalías posíbeis están contidas nela. Dividida en cinco libros (“Vaguedás”, “¡Do

íntimo!”, “Varia”, “Da Terra”, “As viudas dos vivos e as viudas dos mortos”), compón unha magna e complexa comedia humana, en que o eu autorial viaxa desde a súa propia ansiedade até a epopeia dos *condamnés de la terre*, na Galiza territorial como na emigración, nunha apoteose da solidariedade de clase e feminista, que enuncia xa a escritora desde o poema inaugural: *Daquelas que cantan as pombas i as frores / todos din que teñen alma de muller. / Pois eu, que n’as canto, Virxe da Paloma, / ¡ai!, ¿de qué a terei?* Contén esta obra pezas insuperábeis, da literatura galega como da literatura universal, nun exercicio de librepensamento, sinceridade moral e dúbida relixiosa e/ou aberta heterodoxia dificilmente encontrábeis no seu tempo e nos seus contemporáneos. Amplía así a autora, nun magno abano repertorial, o uso do galego para todos os temas sen excepcións: ficaba aberta a porta, de forma definitiva, para a normalización da literatura galega, como arte adulta e independente.

4. Ben se comprende que, na Galiza e na España da Restauración, semellantes *alardes* non ían merecer o aplauso das forzas vivas e dos poderes públicos, polo que o círculo de silenciamento e postergación (“Estranxeira na súa patria” titula un dos seus poemas) cerrábase a cada paso máis, en paralelo a unha grave deterioración do seu estado de saúde, dos seus recursos económicos e dunha crecente sensación de fracaso histórico-biográfico. Disto dan boa conta as derradeiras obras publicadas: *El primer loco* (1881), novela que ficcionaliza a historia dun fracaso tanto psicolóxico-afectivo como político, sen que - sempre a autora cos pés na terra- por iso se deixe de defender, na máis humanista e pioneira modernidade, algo tan práctico como a atención sanitaria digna aos dementes, e *En las orillas del Sar* (1884), o seu libro máis enigmático e autobiográfico, onde reaparecen as febras máis intimistas e confisionais da autora, a angustia do sentido da existencia e da fe perdida, mais onde non naufraga a preocupación patriótica polo futuro do país (destrución anti-ecolóxica da súa natureza e recursos; denuncia da emigración). Este seu libro testamentar, auténtica xoia da poesía, só foi valorado pola *intelligentsia* española

(Unamuno, Azorín, Díez Canedo, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado...) moitos anos despois da súa publicación, que non agradou nada á Real Academia Española, por *excesos* improprios dunha muller. Anotemos que Rosalía non é unha escritora bilingüe, na acepción e intencionalidade actuais do termo. É a **escritora galega por antonomasia** e é, asemade, **galega escritora**, isto é, condicionada polas continxencias e as marxes da práctica social e pública posíbeis do idioma galego a aquela altura, após unha longa diacronía de imposición da lingua oficial do Estado como único instrumento de comunicación pública, literaria e mediática. É a responsábel -cómpre deixalo ben claro- do inicio da renacemento da literatura galega contemporánea, que chega aos nosos días.

5. Rosalía de Castro morre, en Padrón, no 15 de Xullo de 1885. Máis de cen anos despois, cómpre seguir a procurar a súa *vera effigies*, fóra de tanta manipulación interesada e deformadora que a manchou. É unha escritora profundamente intelectual e culta, que ousa plantexar na súa poesía de temática filosófica os problemas máis graves do mundo metaempírico (Carvalho Calero). “Posuíu o fondo pensar dun filósofo e o intenso sentir dun grande poeta” (González Besada); non é a súa obra a dunha rousseauniana romántica nen a dunha filántropa, senón a dunha poeta fundamentalmente imbricada no pobo a que se sente pertencer (Carvalho Calero); é, pois, corroborante da conciencia galega e adiantada do máis limpamente humanista e transformador que alumou o século XX. “Rosalía escribiu desde o epicentro da marxinalidade: a dun país dominado e frustrado nas súas aspiracións, a dunhas clases sociais explotadas -os labregos e mariñeiros-, a dun grupo social dobremente oprimido -as mulleres traballadoras-, a dun sector que non se sente cómodo na súa función social -as mulleres, en xeral-, a daqueles que non se senten integrados psiquicamente nen afectivamente no binomio reducionista, baseado en criterios biolóxicos, home-muller. Velái a razón de tanta riqueza e misterio. Comprendemos así por que é tan especificamente galega á vez que tan universal” (Francisco Rodríguez).